

obriga de comunicar non alcanzará outros feitos, actos ou negocios que os realizados ou consumados a partir da dita data, con independencia de que a licenza ou autorización municipal da cal deriven se outorgase con anterioridade.

Disposición transitoria cuarta. *Convenios de colaboración vixentes.*

Os convenios de colaboración subscritos entre a Dirección Xeral do Catastro e as diferentes administracións, entidades e corporacións públicas continuarán vixentes polo prazo que teñan establecido, e poderán ser prorrogados mentres as súas cláusulas non resulten contraditorias, incompatibles ou opostas ao previsto no capítulo I do título IV deste real decreto.

Disposición transitoria quinta. *Réxime sancionador.*

O réxime sancionador establecido neste real decreto aplicarase ás infraccións cometidas a partir do 1 de xaneiro de 2003. Así mesmo, será de aplicación ás infraccións cometidas con anterioridade á dita data, sempre que a súa aplicación resulte máis favorable para o suxeito infractor e a sanción imposta non adquirise firmeza.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou de inferior rango que se opoñan, contradigan ou resulten incompatibles coas deste real decreto e, en particular, as seguintes:

a) O Real decreto 831/1989, do 7 de xullo, polo que se desenvolve parcialmente a disposición transitoria décimo primeira da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

b) O Real decreto 1448/1989, do 1 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 77 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

c) O Real decreto 1390/1990, do 2 de novembro, sobre colaboración das administracións públicas en materia de xestión catastral e tributaria e inspección catastral.

d) O Real decreto 1344/1992, do 6 de novembro, polo que se regula a composición, funcionamento e competencias das xuntas periciais de catastros inmobiliarios rústicos.

e) O Real decreto 1485/1994, do 1 de xullo, polo que se aproba as normas que deben rexer para o acceso e distribución pública de información catastral cartográfica e alfanumérica da Dirección Xeral do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributaria, da Secretaría de Estado de Facenda.

f) O Real decreto 407/2001, do 20 de abril, sobre composición, funcións e réxime de funcionamento do Consello Superior da Propiedade Inmobiliaria e das comisións superiores de coordinación inmobiliaria de rústica e de urbana.

g) Epígrafes 5 a 8 do artigo 6, salvo no que afecta a anovamento, substitución e cesamento dos representantes das entidades locais; artigo 13, con excepción da determinación do ámbito dos consellos territoriais da propiedade inmobiliaria de Madrid e Barcelona e da regulación sobre a designación, elección, substitución e anovamento dos representantes das entidades locais; e disposición transitoria segunda da Orde do 18 de novembro de 1999, pola que se desenvolve o Real decreto 390/1998, do 13 de marzo, que regula as funcións e a estrutura orgánica das delegacións de Economía e Facenda.

Disposición derradeira primeira. *Facultade de desenvolvemento.*

Autorízase o ministro de Economía e Facenda para ditar cantas disposicións se estimen necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 7 de abril de 2006.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda,

PEDRO SOLBES MIRA

XEFATURA DO ESTADO

7317

LEI 6/2006, do 24 de abril, de modificación da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido (IVE), para a clarificación do concepto de vehículo destinado ao transporte de persoas con minusvalidez convido na mesma lei. («BOE» 98, do 25-4-2006.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

A Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, prevé no seu artigo 91 a aplicación do tipo impositivo do 4 por cento ás entregas, adquisicións intracomunitarias ou importacións de coches de minusválidos, de conformidade coa definición que destes contén o número 20 do anexo I do Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que aproba o texto articulado da Lei sobre o tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, na redacción dada polo anexo II A do Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, de aprobación do Regulamento xeral de vehículos, que pasa a denominalos «vehículos para persoas con mobilidade reducida».

Así mesmo, a mesma lei prevé a aplicación do mesmo tipo impositivo aos servizos de reparación deses vehículos e dos servizos de adaptación dos autotaxis e autoturismos para persoas con minusvalideces en cadeira de rodas.

O número 20 do anexo I do Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que aproba o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, define os vehículos para persoas con mobilidade reducida como aqueles vehículos cuxa tara non sexa superior a 350 quilogramos e que, por construción, non poden alcanzar en terreo chan unha velocidade superior a 45 quilómetros por hora, proxectados e construídos especialmente, e non meramente adaptados, para o uso de persoas con algunha disfunción ou incapacidade física. Canto ao resto das súas características, equipáranse aos ciclomotores de tres rodas.

A aplicación do tipo superreducido do imposto sobre o valor engadido a estes supostos está a levar, en moitos casos, a interpretacións pouco desexables e contrarias ao

espírito que a inspiran. Por exemplo, en respostas a consultas tributarias, a Administración ten manifestado que os servizos de adaptación de microbuses para o transporte de persoas con minusvalidez en cadeira de rodas non podían gozar da aplicación do tipo impositivo do 4 por cento por «tratarse dun autobús de gran capacidade». Ou que a adquisición dun vehículo ao cal se lle instalaba unha rampla elevadora para poder transportar os fillos minusválidos do consultante debía gravarse ao tipo do 16 por cento, «pois tal vehículo non se destinará a ser utilizado como autotaxi ou autoturismo especial, nin tampouco ten consideración de coche de minusválido».

Por isto, á vista da regulación vixente, parece necesario, en prol da xustiza social, proceder á súa modificación para aplicar o tipo superreducido do IVE a todas as operacións de entregas, adquisicións intracomunitarias ou importacións, servizos de reparación ou adaptación de vehículos para persoas con mobilidade reducida, con obxecto de incluír todos os vehículos destinados ao transporte destas persoas, con independencia de quen sexa o condutor, sempre que sirva como medio de transporte habitual para persoas minusválidas.

Artigo primeiro. *Modificación do artigo 91.Dous.1.4.º da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.*

Modifícase o artigo 91.Dous.1.4.º da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, que fica redactado como segue:

«4.º Os vehículos para persoas con mobilidade reducida a que se refire o número 20 do anexo I do Real decreto legislativo 339/1990, do 2 de marzo, polo que se aproba o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, na redacción dada polo anexo II A do Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de vehículos, e as cadeiras de rodas para uso exclusivo de persoas con minusvalidez.

Os vehículos destinados a seren utilizados como autotaxis ou autoturismos especiais para o transporte de persoas con minusvalidez en cadeira de rodas, ben directamente ou despois da súa adaptación, ben como os vehículos de motor que, despois de adaptación ou non, deban transportar habitualmente persoas con minusvalidez en cadeira de rodas ou con mobilidade reducida, con independencia de quen sexa o condutor.

A aplicación do tipo impositivo reducido aos vehículos comprendidos no parágrafo anterior requirirá o recoñecemento previo do dereito do adquirente, que deberá xustificar o destino do vehículo.

Para efectos desta lei, consideraranse persoas con minusvalidez aquelas cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 33 por cento. O grao de minusvalidez deberase acreditar mediante certificación ou resolución expedida polo Instituto de Migracións e Servizos Sociais ou o órgano competente da Comunidade Autónoma.»

Artigo segundo. *Modificación do artigo 91.Dous.2 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.*

Modifícase o artigo 91.Dous.2 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, que fica redactado do modo seguinte:

«2. Os servizos de reparación dos vehículos e das cadeiras de rodas comprendidos no parágrafo primeiro do número 1.4.º deste número e os servizos de

adaptación dos autotaxis e autoturismos para persoas con minusvalidez e dos vehículos de motor a que se refire o parágrafo segundo do mesmo precepto, independentemente de quen sexa o condutor.»

Disposición derogatoria única.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta lei.

Disposición derradeira única. Entrada en vigor.

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 24 de abril de 2006.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

7318 *LEI 7/2006, do 24 de abril, pola que se modifica o texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto legislativo 1564/1989, do 22 de decembro. («BOE» 98, do 25-4-2006.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

O artigo 1.20) da Directiva 2003/51/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2003, pola que se modifican as Directivas 78/660/CEE, do 25 de xullo de 1978 (en diante, Cuarta Directiva); 83/349/CEE, do 13 de xuño de 1983; 86/635/CEE, do 8 de decembro de 1986, e 91/674/CEE, do 19 de decembro de 1991, sobre as contas anuais e consolidadas de determinadas formas de sociedades, bancos e outras entidades financeiras e empresas de seguros, incorpora un novo artigo 53 bis na Cuarta Directiva, coa finalidade de aumentar a transparencia financeira das sociedades «cotizadas».

Este artigo 53 bis dispón que «os Estados membros non concederán as excepcións previstas nos artigos 11, 27, 46, 47 e 51 ás sociedades cuxos valores mobiliarios estean admitidos a negociación nun mercado regulado de calquera Estado membro...». Concretamente, as excepcións previstas nestes artigos son as seguintes:

a) O artigo 11 prevé que os Estados membros poderán permitir que determinadas sociedades formulen balance abreviado, sempre que non superen dous dos tres límites fixados en relación co total do balance, o importe neto do volume de negocios e o número medio de empregados durante o exercicio.

b) Nos mesmos termos que o artigo 11, pero fixando os límites nun importe superior, o artigo 27 prevé que os Estados membros poderán autorizar que determinadas sociedades formulen conta de perdas e ganancias abreviada.